

Resolución do 16 de xuño de 2021, conxunta da Consellería de Sanidade e da Consellería de Política Social, pola que se aproban medidas específicas que deberán adoptarse nos centros residenciais e de atención diúrna de maiores e persoas con discapacidade en relación co réxime de visitas e saídas, no contexto da situación epidemiolóxica relacionada coa infección ocasionada polo virus SARS-COV-2 (COVID-19)

Segundo o establecido no punto sexto, na redacción vixente do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 no que se adoptan medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase 111 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas. Igualmente poden adoptarse medidas en relación con determinados establecementos de servizos sociais, tendo en conta as específicas exixencias de protección da poboación afectada dada a súa especial vulnerabilidade.

Por outra banda, as residencias de maiores e persoas con discapacidade foron especialmente castigadas pola pandemia e isto motivou restricións continuas de contactos sociais que supuxeron a diminución ou anulación de visitas de familiares e amizades e de saídas ao exterior das persoas residentes. Pola súa parte os centros de atención diúrna tamén sufriron restricións que implicaron o seu peche e a apertura con restricións posteriormente.

Neste contexto ditouse a Resolución do 17 de setembro de 2020, conxunta da Consellería de Sanidade e da Consellería de Política Social, pola que se aproban medidas específicas que deberán adoptarse nos centros residenciais sociosanitarios en relación co réxime de visitas, saídas e outros aspectos organizativos. Nesta resolución, entre outros aspectos, limitábase as visitas a unha soa persoa por residente. Así mesmo, adoptábase unha serie de medida nos centros de día para persoas maiores e con discapacidade e nos centros ocupacionais, en función dos niveis de risco.

Posteriormente aprobáronse as resolucións do 15 de febreiro e 25 de febreiro de 2021, conxuntas da Consellería de Sanidade e Política Social, polas que se aprobaron medidas específicas a adoptar nos centros residencias de maiores e persoas con discapacidade en relación ao réxime de permisos e visitas, no contexto da situación epidemiolóxica relacionada coa infección asociada coa infección ocasionada polo virus SARS-COV-2 (COVID-19), mediante as que se establecían limitacións as visitas e as saídas aos centros.

Tamén se aprobou a resolución do 3 de marzo de 2021, conxunta da Consellería de Sanidade e da Consellería de Política Social, pola que se modificaba a Resolución do 17 de setembro de 2020, en relación coas medidas específicas que deberán adoptarse nos centros residenciais sociosanitarios en relación co réxime de visitas,

saídas e outros aspectos organizativos, e as medidas específicas para os centros de atención diúrna, no contexto da situación epidemiolóxica relacionada coa infección ocasionada polo virus SARS-COV-2 (COVID-19) e finalmente as Resolucións do 7 e do 27 de maio, polas que se aproban medidas específicas que deberán adoptarse nos centros residenciais e de atención diúrna de maiores e persoas con discapacidade en relación co réxime de visitas e saídas.

A mellora da evolución epidemiolóxica permite continuar flexibilizando as restricións impostas polas resolucións precedentes, diminuindo as restricións ás visitas e saídas das persoas usuarias dos centros residenciais e de atención diúrna de maiores e persoas con discapacidade.

Polo tanto, e tendo en conta a evolución da situación epidemiolóxica no territorio da nosa Comunidade Autónoma, e co obxecto de contribuír á protección do colectivo de maiores e persoas con discapacidade en centros residenciais e de atención diúrna,

ACORDAN:

Primeiro. Nos centros residenciais sociosanitarios:

a) Desaparecen os grupos burbulla, sempre que as persoas usuarias estean vacinadas coa pauta completa de vacinación contra a Covid-19, seguindo coas medidas hixiénico-sanitarias (ventilación, hixiene de mans,...).

b) As persoas usuarias que non estean vacinadas coa pauta completa de vacinación contra a Covid-19 deberán manter as medidas preventivas respecto do resto das persoas usuarias.

c) Mantense a obriga de usar máscara por aquelas persoas residentes que a toleren.

d) Retíranse as limitacións ás saídas das persoas residentes, sempre dentro do réxime horario e diario dos centros. Tamén se eliminan as restricións ás saídas socioculturais das persoas usuarias acompañadas do persoal do centro ao exterior, evitando lugares pechados ou de maior concorrencia e sempre cumprindo os aforos establecidos pola autoridade sanitaria.

e) Nos centros residenciais de persoas maiores permítense as saídas ao domicilio, sempre que a ausencia do centro sexa de como mínimo 5 días e o domicilio non se atope nun concello con nivel de risco extremo. A persoa usuaria para regresar ao centro deberá presentar unha proba negativa (PCR ou antíxeno).

f) Permítense un mínimo de tres visitas semanais a cada persoa usuaria, podendo superarse este número en función da dispoñibilidade de persoal e espazos.

A estas visitas poderán acudir, previa cita, dous familiares ou persoas achegadas á persoa usuaria. Este máximo poderá superarse en función das condicións organizativas do centro.

Nas visitas permitirase o contacto físico entre a persoa usuaria e a visitante, debéndose realizar unha desinfección de superficies antes e despois do encontro. En todo caso, as visitas deberán portar máscara obrigatoriamente e as persoas usuarias na medida en que toleren o seu uso.

Segundo. Nos centros de atención diúrna:

a) Desaparecen os grupos burbulla ou de limitación de ocupación respecto das prazas autorizadas, sempre que as persoas usuarias estean vacinadas coa pauta completa de vacinación contra a Covid-19, seguindo coas medidas hixiénico-sanitarias (ventilación, hixiene de mans,...).

b) As persoas usuarias que non estean vacinadas coa pauta completa de vacinación cotra a Covid-19 deberán manter as medidas preventivas respecto do resto das persoas usuarias (grupos burbulla, limitacións de ocupación,...).

c) Normalizar o acceso aos centro das persoas usuarias e profesionais, suprimindo as obrigas de desinfección do calzado e das rodas das cadeiras, cobertura da enquisa epidemiolóxica, rexistro de temperatura e mudas de roupa e calzado para as saídas dos profesionais.

d) Normalizar o servizo de transporte aos centros, non sendo precisa a planificación de rutas extraordinarias de transporte en función dos grupos estables de convivencia.

Terceiro. Esta resolución anula o recollido noutras anteriores respecto do réxime de saídas e visitas nos centros de atención residencial e atención diúrna a persoas maiores.

Oitavo. As medidas dispostas nesta resolución terán carácter temporal e manteranse en función da situación epidemiolóxica e así sexa constatado por unha nova resolución conxunta da Consellería de Sanidade e da Consellería de Política Social ditada a estes efectos.

Noveno. Esta resolución entrará en vigor o día 19 de xuño de 2021 e darase traslado urgente da mesma aos centros destinatarios para o seu cumprimento.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2021

O conselleiro de Sanidade



Julio García Comesaña

A conselleira de Política Social



Fabiola García Martínez